



ANEXO.

DOC 19: POLÍTICA OPEN ACCESS – INSTITUTO DE AGROECOLOXÍA E ALIMENTACIÓN (IAA)

Instituto de Agroecoloxía
e Alimentación

Universidade de Vigo



ÍNDICE

1.1.	Introdución.....	3
1.2.	Normativa de aplicación.....	3
1.3.	Vantaxes do acceso aberto	6
1.4.	Ferramentas: Vías do acceso aberto.....	7
1.5.	Políticas e medidas de impulso da Ciencia Aberta.....	9
	• Repositorio Institucional INVESTIGO	9
	• Emprego de repositorios e plataformas de acceso aberto (OA).....	10
	• Acordos transformativos	11
	• Descontos para publicar	13
	• Formación en Open Access (OA)	14
	• Divulgación da política de Open Access do IAA	14
1.6.	Seguimento e avaliación do Plan Open Access do IAA	15

POLÍTICA OPEN ACCESS DO INSTITUTO DE AGROECOLOXÍA E ALIMENTACIÓN (IAA)

1.1. Introducción

A ciencia aberta é unha aproximación colaborativa, transparente e accesible á investigación, que implica un cambio estrutural na maneira de concibila, executala e difundir os seus resultados.

Así, o acceso aberto forma parte do que se denomina **Ciencia aberta (Open Science)** un concepto que fai referencia á apertura das publicacións, dos datos de investigación, das metodoloxías, dos procesos de avaliación nunha contorna de investigación e innovación mais transparente de cara á cidadanía, centrándose especialmente en:

- **Artigos de investigación científica** revisados por pares, publicados en revistas
- **Datos de investigación**

Desta forma, e de acordo co obxectivo 19 do Plan estratéxico 2020-2026 da Universidade de Vigo, tanto a propia institución como o IAA apostan pola ciencia aberta a través dun conxunto de accións a desenvolver durante todo o proceso de investigación ao abeiro dos proxectos desenvolvidos nas súas prioridades de investigación, tomando coma base as políticas de acceso aberto promovidas pola UVigo.

1.2. Normativa de aplicación

O acceso aberto está apoiado por unha serie de normativas e mandatos que son de obrigado cumprimento dentro de seu ámbito de aplicación.

Así, os principios fundamentais do acceso aberto, quedaron establecidos na **Declaración de Budapest (BOAI 2002)**, na **Declaración de Bethesda (2003)** e na **Declaración de Berlín (2003)**, a cal foi asinada pola UVigo no ano 2018, dos cales se desprenden os seguintes conceptos relevantes:

Os contidos son gratuítos para o lector/a e libres, é dicir, permiten a súa reutilización e difusión (pódense usar, copiar, descargar, etc.). Os usos permitidos pódense definir mediante licenzas do tipo creative commons ou similares.

- Refírese a documentos dixitais que están accesibles en liña a través de Internet.
- Os/as autores/as reteñen o dereito a ser debidamente recoñecidos e citados, así como o control sobre a integridade das súas obras.

No ámbito europeo destaca tamén o programa **Horizonte Europa, o Programa Marco de Investigación e Innovación da Unión Europea para o período 2021-2027**, o cal establece como requisito obrigatorio para todos o proxectos financiados ou cofinanciados por algunha das súas convocatorias as seguintes cuestións relacionada co acceso aberto:

- **Para publicacións resultado da investigación:**

- É obrigatorio depositar en acceso aberto nun repositorio fiable os artigos de revistas con revisión por pares (Peer-reviewed manuscript - AAM o VoR), nun prazo máximo de 6/12 meses dende a súa publicación.
- Acceso aberto recomendado para libros, monografías, comunicación a congresos e literatura gris.

→ **Para datos utilizados na investigación:**

- Todos os proxectos financiados ou cofinanciados polo programa teñen a obriga de depositar nun repositorio fiable e en acceso aberto os datos de investigación e ademais deben ser FAIR (Findable, Accessible, Interoperable, Reusable) e baixo unha Licencia CCO.
- É obrigatorio que o/a investigador/a que lidere o proxecto elabore un Plan de Xestión de Datos (PGD), o cal debe ser presentado durante os 6 primeiros meses de execución do proxecto, así como no seu ecuador e ao final do mesmo. O documento debe incluír a metodoloxía do tratamento dos datos recollidos e creados durante o desenvolvemento do mesmo.
- Os datos deben xestionarse durante toda a vida do proxecto seguindo os Principios FAIR (Findable, Accessible, Interoperable, Reusable).

Por outra parte, no ámbito da Normativa aplicable en materia de Open Science, este concepto foi incorporado en diversas **lexislacións nacionais**, destacando especialmente a **Lei 14/2011 de 1 de xuño da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación**, a cal establece no seu **artigo 37. Difusión en acceso aberto**, que todo o persoal de investigación do sector público ou cuxa actividade investigadora esté financiada maioritariamente por fondos públicos deberá depositar unha copia da versión final en formato dixital, así como os datos asociados, en repositorios institucionais ou temáticos de acceso aberto, de forma simultánea á data de publicación.



Tamén está incluída mención específica ao Open Access na **Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario**, a través do seu *artigo 12. Fomento da ciencia aberta e ciencia cidadá*, así coma no **Plan estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2017-2020. Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades**, a través do *artigo. 5.2-2 Acceso aberto a resultados e datos de investigación*; no **Plan estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2021-2023** e na **Estrategia nacional de ciencia abierta (ENCA) 2023-2027**.

Por último, destacar a súa inclusión no **Real Decreto 99/2011, do 28 de xaneiro que regula os estudos de doutoramento**, o cal establece no seu *artigo 14.5* que, unha vez aprobada unha tese, a Universidade debe ocuparse do seu arquivo en formato electrónico aberto nun repositorio institucional, obriga que tamén se recolle no *artigo 40 do Regulamento de estudos de doutoramento da UVigo*.

Ademais, no compromiso da UVigo coa implementación dun modelo de ciencia aberta, elaborou unha **Política Institucional de Acceso Aberto á Producción Científica**¹, aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo en 2013, co fin de estender a súa actuación responsable e sostible á promoción do acceso aberto á información científica, comprometéndose así a:

- facilitar o acceso libre e aberto aos traballos tan pronto como sexa posible, respectando os dereitos de propiedade intelectual que poidan pesar sobre eles;
- tratar de aumentar a visibilidade do repositorio e dos contidos do mesmo mediante mecanismos de interoperabilidade e recolección, así como dándoo de alta en directorios e recolectores nacionais e internacionais como Recolecta, OpenDoar u outros;
- velar polo respecto aos dereitos de propiedade intelectual;
- asegurar a preservación dos contidos depositados;
- proporcionar estatísticas sobre a utilización do repositorio e dos seus contidos;
- encomendar a xestión do repositorio institucional á Biblioteca Universitaria sen prexuízo de que nela poidan colaborar outras unidades ou servizos universitarios;
- crear e prestar servizos de valor engadido en torno ao repositorio a desenvolver pola Biblioteca Universitaria;
- facilitar aos autores e autoras a información e formación precisas para que poidan levar a cabo eficazmente o autoarquivo dos seus traballos e publicacións.

Complementariamente, a Universidade de Vigo incluíu no seu **Plan estratéxico 2021-2026 un obxectivo específico para o impulso da Ciencia aberta** (Obxectivo 19. Ciencia aberta) en todos os seus procedementos e institucións vinculadas, como o IAA, a través da posta en marcha das seguintes accións:

¹ <https://www.investigo.biblioteca.uvigo.es/xmlui/page/acceso?locale-attribute=es>

- Diseñar mecanismos para a integración no sistema de ciencia aberta.
- Incorporarse a iniciativas nacionais e internacionais de fomento da ciencia aberta.
- Promover o depósito da produción científica da Universidade de Vigo no repositorio institucional de acceso aberto Investigo.
- Actualizar e promover o sistema dual de publicacións editadas polo Servizo de Publicacións da UVigo.
- Actualizar e promocionar o portal OJS das revistas editadas polo Servizo de Publicacións da UVigo.

1.3. Vantaxes do acceso aberto

A publicación en acceso aberto en revistas científicas ou en repositorios ten múltiples vantaxes.

→ Vantaxes para o investigador

- Incrementa a visibilidade e o impacto dos resultados de investigación
- Garantir a preservación a longo prazo
- Facilita que os/as autores/as poidan ser debidamente recoñecidos/as e citados/as
- Permite publicar en aberto os documentos resultado de investigación e así cumprir os mandatos de organismos financiadores.
- Garante unha correcta xestión dos dereitos de autor.
- Acceso a datos de uso que permiten participar en avaliacións.
- Permite o depósito de todo tipo de documentos, mesmo inéditos e en todo tipo de formatos: artigos, monografías, capítulos de monografías, comunicacións en eventos, teses, traballos académicos, vídeos, datasets, etc.

→ Vantaxes para a Universidade e as institucións

- Reúne e difunde ao mundo a produción científica e académica da institución: reflicte a actividade investigadora da universidade
- Aumenta a visibilidade da institución a través das obras dos seus actores e mellora o seu posicionamento.
- Preserva para o futuro a obra dos autores e a actividade intelectual da universidade.

→ Vantaxes para a sociedade

- Favorece a innovación
- Facilita a transparencia e rendición de contas do investimento público na investigación
- Permite o acceso ao coñecemento para toda a sociedade e a súa reutilización en beneficio de todos.
- Diminúe a fenda de acceso de información entre as institucións e países.

1.4. Ferramentas: Vías do acceso aberto

O IAA pon a disposición do seu persoal investigar diversas ferramentas para conseguir cumprir cos seus obxectivos en materia de Open Access, entre os cales destacan:

Acadar o acceso aberto pleno das publicacións científicas

Impulsar a creación dun sistema de infraestruturas e de servizos que faciliten a publicación de datos nun sistema FAIR.

Promover un sistema de avaliación que recoñeza a diversidade de resultados da investigación e as prácticas de ciencia aberta.

Implantar os principios de Ciencia Aberta por parte do persoal investigador, as unidades de apoio á investigación e do persoal da biblioteca.

Xestionar e velar polo cumprimento das recomendacións e accións para progresar cara á ciencia aberta.

Así, e existen cinco **vías** non excluíntes para proporcionar acceso aberto:

▣ Vía dourada ou Gold Open Access

Consiste en publicar en revistas de acceso aberto cuxo contido está dispoñible de forma gratuíta e sen restricións de acceso, de forma que os artigos posúen licencias Creative Commons ou similares para compartilos e reutilizalos (o autor segue mantendo o copyright).

As publicacións realizadas a través desta vía normalmente levan asociados custes de publicación APC (Article Processing Charge), os cales deben ser asumidos polos propios autores ou polas institucións.

Este tipo de revistas poden ser identificadas no “Directory of Open Accesss Journals” (DOAJ).

▣ Vía verde ou Green Open Access

Consiste en depositar os documentos de investigación nun repositorio de acceso aberto promovidos pola comunidade científica ou académica, é dicir, nun arquivo onde se almacenan as copias dixitais.

No caso de utilizar esta vía, poden existir certas limitacións nos dereitos para compartir e reutilizar o contido e poden non estar dispoñibles no momento da súa publicación.

Existen distintos tipos de repositorios dentro da vía verde, segundo a súa natureza, tipoloxía, e tipo de información:

- **Repositorios institucionais:** xestionados polas propias institucións co fin de recoller, difundir e preservar a produción científica do seu persoal investigador (artigos, libros, capítulos, teses doutorais lidas nas universidades, contribucións a congresos, etc.). A Universidade de Vigo conta co seu propio repositorio onde deposita toda a produción científica desenvolta nela: [INVESTIGO](#).
- **Repositorios temáticos:** especializados en determinadas áreas de coñecemento.
- **Repositorios centralizados:** recollen a produción científica de investigadores de diferentes institucións e áreas de coñecemento en formato aberto.

En España, os repositorios de Open Access agrúpanse na **plataforma RECOLECTA** xestionada pola FECYT (<http://recolecta.fecyt.es>), de forma que se pode acceder de forma centralizada toda a produción científica depositada nos repositorios nacionais de Open Access.

Ademais, a Uvigo publica e difunde o seu repositorio institucional nos seguintes repositorios de Open Access a nivel internacional, nacional e rexional:



□ Vía Híbrida (Hybrid Open Access)

Xunto con estas dúas vías principais, existen tamén as **revistas de acceso aberto híbridas ("hybrid open access")**, as cales mesturan artigos de acceso aberto e artigos de acceso por subscrición.

Así, pertencen a esta vía os artigos publicados con licenzas Creative Commons en revistas híbridas, é dicir, aquelas nas que non todos os seus contidos son en acceso aberto.

□ Vía bronce

Fai referencia aos artigos de libre lectura nas páxinas dos editores, pero que non contan cunha licencia aberta explícita que permita a súa distribución e reutilización.

❑ Vía diamante ou platino (“diamond access”)

Fai referencia ás revistas que xeralmente están financiadas por institucións académicas ou gobernamentais ou por sociedades científicas e que publican en acceso aberto e que non cobran aos autores por publicar nin aos lectores por ler.

1.5. Políticas e medidas de impulso da Ciencia Aberta

Para materializar estes compromisos, a Universidade de Vigo e por tanto tamén o IAA, promoverá, a través dos instrumentos ao seu alcance, o acceso libre e aberto aos coñecementos científicos producidos polo seu persoal investigador.

Entre eles, existen instrumentos de diversa natureza, como a presente política de Open Access do IAA, a utilización do repositorio institucional INVESTIGO ou a posta en marcha de procesos internos de avaliación da produción científica do Centro, entre outros.

Así, os instrumentos e medidas impulsados pola UVigo e o IAA preséntanse e detállanse a continuación a través dos seguintes apartados.

• Repositorio Institucional INVESTIGO²

Investigo é o repositorio institucional da Universidade de Vigo que recolle, difunde e preserva a produción científica do seu persoal investigador, reflectida a través de artigos, libros, capítulos ou partes de libros, contribucións a congresos e teses de doutoramento lidas na universidade que constitúen os seus principais contidos.



Así, o seu **obxectivo principal** é **difundir e aumentar a visibilidade da produción científica da Universidade de Vigo** facéndoa libremente accesible por internet, así como garantir o seu acceso e preservación ao longo do tempo.

Para iso, **Investigo** organízase sobre o tipo de documento, constando deste modo de catro coleccións:

- Artigos (versión postprint)
- Libros (e partes de libros)
- Documentos de congresos

² <https://www.investigo.biblioteca.uvigo.es/xmlui/>
<https://www.uvigo.gal/investigar/investigacion-produccion-cientifica/ciencia-aberta>

- Teses de doutoramento.

Á súa vez, estas coleccións poden ter varios tipos de contido como, por exemplo, a colección de artigos que recolle dous tipos de contidos: artigos e notas breves. Ademais, o repositorio acepta o depósito doutro tipo de traballos e publicacións diferentes aos citados como working papers, informes técnicos, etc., sempre vinculados á investigación.

Desta forma, as persoas que poden depositar documentos neste repositorio ten que ser necesariamente persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo, aínda que a súa consulta é accesible a calquera persoa a internet, se ben o acceso ao texto completo depende dos dereitos de acceso (aberto, pechado, embargado, restrinxido á comunidade universitaria) que teña asinado cada documento en función dos dereitos de propiedade intelectual que teña atribuídos.

Ademais, estes traballos e publicacións depositados no repositorio institucional da Universidade de Vigo rexístranse tamén en ROARMAP, Sherpa/Juliet e Melibea, de forma que se asegure a preservación dos contidos depositados.

Complementariamente, a Universidade de Vigo conta con procesos internos de avaliación da produción científica a partir das publicacións rexistradas e depositadas no repositorio co fin de realizar coñecer en cada momento o impacto do seu traballo investigador.

- **Emprego de repositorios e plataformas de acceso aberto (OA)**

A UVigo, no seu compromiso coa ciencia aberta, tamén difunde o seu repositorio institucional **INVESTIGO** en diferentes recolectores a nivel rexional, nacional e internacional de acceso aberto co fin de divulgar as súas publicacións e resultados científicos.

Estes repositorios ou recolectores de ciencia aberta son os seguintes:

- **Recolecta**: Ciencia aberta en España
- **Galiciana**: Patrimonio dixital de Galicia
- **Hispana**: Recolector de recursos dixitais
- **OpenAire**: Ciencia aberta en Europa
- **Zenodo**
- **Base**: Bielefeld Academic Search Engine
- **Core**: Recolector mundial de open access
- **La Referencia**: Red latinoamericana de repositorios de acceso aberto
- **Google Scholar**



Ademais, utiliza tamén **plataformas de Open Access de revistas e libros**:

Plataformas de revista OA	Plataformas de libros OA
DOAJ : Directory of Open Access Journals	DOAB Directory of Open Access Book
ScieELO revistas	SciELO Livros Scientific Electronic Library Online
e-Revist@s : Revistas científicas electrónicas españolas e latinoamericanas	OAPEN Open Access Publishing in European Networks
Redalyc.org : Revistas científicas de América Latina e o Caribe, España e Portugal	

• Acordos transformativos

Os acordos transformativos son contratos negociados entre as bibliotecas ou consorcios de bibliotecas e os editores (acordos transitorios), caracterizados por usar os fondos tradicionalmente destinados ás subscricións (pagar para ler) a un novo modelo no que ademais de pagar por ler, inclúe o prezo de publicar en acceso aberto (*Article Processing Charges* ou APC), coñecido como *Read & Publish*.

Este tipo de acordos inscríbense no marco dos cambios que a Ciencia Aberta (Open Science) implica para o desenvolvemento da comunicación científica. O seu obxectivo é acelerar a transición cara o acceso aberto (OA), facilitar o cumprimento dos requirimentos das axencias financiadoras e incrementar a visibilidade da investigación.

Estes acordos teñen múltiples **vantaxes para o persoal investigador**, entre as que destacan:

Publicar sen custo os artigos en acceso aberto e cumprir os requirimentos das axencias financiadoras.

Estar exento do pago por procesamento de artigos (APC) nesas editoriais.

Conservar os dereitos sobre as súas obras e protexelas con licenzas Creative Commons.

Así, o CISUG (Consortio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia), constituído polas universidades de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña e a Xunta de Galicia, asinou os seus primeiros acordos transformativos para financiar a publicación en acceso aberto coas seguintes editoriais:

 CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS	<u>Cambridge University Press</u>
 OXFORD UNIVERSITY PRESS	<u>Oxford University Press</u>
 WILEY	<u>Wiley & Sons</u>
 ELSEVIER	<u>Elsevier</u>
 Springer	<u>Springer</u>
 ACS Chemistry for Life®	<u>ACS (American Chemical Society)</u>
 ROYAL SOCIETY OF CHEMISTRY	<u>RSC (Royal Society of Chemistry)</u>
 IEEE	<u>IEEE (Institute of Electrical and Electronics Engineers).</u>
 SCOAP³	<u>SCOAP</u>

Ademais, a Universidade de Vigo asinou un acordo coa **Association for Computing Machinery (ACM)**.



Así, os **requisitos a cumprir** para poder adscribirse a estes acordos son os seguintes:

- Ter un artigo aceptado para a súa publicación con algunha das editoriais coas que a Universidade de Vigo ten acordo, durante a duración do dito acordo.
- O autor ou a autora de correspondencia (*corresponding author*) do artigo obxecto de financiamento debe ser membro da Universidade de Vigo e empregar o correo institucional da universidade coas extensións uvigo.gal ou uvigo.es.
- Facer constar no artigo a filiación normalizada segundo o **Protocolo para a normalización da sinatura científica** da Universidade de Vigo.
- As publicacións levarán un texto de agradecemento mencionando a universidade e/ou CISUG ou CRUE-CISUG, segundo corresponda.

Coa sinatura destes acordos pretenden aliñarse con outros países da Unión Europea que xa os alcanzaron e cumprir cos mandatos propios e alleos de acceso aberto.

• Descontos para publicar

A Biblioteca Universitaria ten acordos con algúns editores para obter descontos nas tarifas de publicación de artigos en acceso aberto. Grazas a estes acordos, os autores e autoras da Universidade de Vigo que desexen publicar en acceso aberto (OA) benefíciáanse de certos descontos cuxa contía é variable dependendo do editor do que se trate.

Así, no caso das editoriais expostas no apartado anterior, o desconto é do 100% grazas aos acordos transformativos firmados, pero a UVigo tamén conta cun acordo anual de membresía “*Institutional Open Access Program*” (IOAP) coa editorial académica **MDPI**³, que ofrece ós/as autores/as un desconto do 10% nas taxas de publicación (APCs) en todas as súas revistas.



Así, as **características** deste acordo son as seguintes:

- **Tipoloxía documental:** Artigo de investigación
- **Tipoloxía de Fonte:** Revistas de acceso aberto
- **Tipos de licencia:** Creative Commons CC-BY
- **Autores:** Autor/a con e-mail da universidade
- **Cobertura do custo dos APCs:** 10% do custo do APC

³ <https://www.mdpi.com/authors>

- **Formación en Open Access (OA)**

Co fin de avanzar e ampliar as políticas de Open Access posta xa en marcha pola Universidade, o IAA propón poñer en marcha un bloque de accións formativas dirixidas tanto a o seu persoal investigador como aos responsables da xestión aos que lles afecten cuestións en materia de acceso aberto.

Así, en liña co **Plan RRIL do Centro e o seu Plan Estratéxico**, propónse a realización de formacións anuais en distintos aspectos relacionados coa OA, como poden ser:

- Ferramentas dispoñibles para publicación en Open Access e funcionamento
- Aspectos relevantes en materia de Copyright e licencia Creative Commons
- Cumprimento de requisitos de publicación nos distintos repositorios, revistas, etc. Existentes
- Formación en software libre e de código aberto
- Outras cuestións

- **Divulgación da política de Open Access do IAA**

Na estratexia de Comunicación e divulgación do IAA, incorporárase un apartado vinculado á divulgación das políticas de Open Access postas en marcha no Centro co fin de que todos os seus grupos obxectivo (persoal investigador, sociedade, institucións, etc.) coñezan as medidas postas en marcha para fomentar a Ciencia Aberta.

Así, incluíranse todas as accións de difusión de Open Science a poñer en marcha polo IAA, definindo tanto os medios a utilizar (web, RRSS, prensa dixital, etc.), as mensaxes a utilizar ou a estratexia a seguir para conseguir concienciar e chegar a todos os stakeholders.

1.6. Seguimento e avaliación do Plan Open Access do IAA

O IAA, co obxectivo de asegurar o correcto seguimento na implantación do presente plan, deseñou un cadro no que, para cada una das políticas ou medidas en materia de Open Access, establece un ou varios indicadores co fin de controlar o seu grao de seguimento e establecer medidas correctiva no seu caso.

Así, o cadro de mando do Plan de Open Access do IAA estruturaríase da seguinte maneira:

Política ou medida	Indicador	Responsable
Repositorio Institucional INVESTIGO	Nº de publicación do IAA realizadas en acceso aberto e incluídas no repositorio institucional investigo/ano	Comisión Científica do IAA
Emprego de repositorios e plataformas de acceso aberto (OA)	Nº de publicación do IAA realizadas en acceso aberto e incluídas nos repositorios externos dispoñibles/ano	
Acordos transformativos	- Nº de publicacións realizadas en Open Access nas revistas/editoriais cos ca IAA ten acordos/ano % de publicación depositados e publicados nas revistas/editoriais cos ca IAA ten acordos sobre o total/ano	
Formación en Open Access (OA)	- Nº de actividades formativas de Open Access postas en marcha polo IAA/ano. - Nº de asistentes ás actividades formativas organizadas/ano - Valoración media das formacións desenvolvidas.	
Participación nos eventos de divulgación da Biblioteca da Universidade	Nº de eventos nos que participa o IAA en materia de OA impulsadas pola Biblioteca da Universidade	

